

para proxectos de biomasa destinadas a particulares, así como a selección das entidades colaboradoras que participarán na súa xestión, e se convocan estas subvencións para o ano 2022 (**IN421P**).

<https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=IN421P&ano=2022&numpub=1&lang=gl>

Obxecto

O obxecto destas subvencións é apoiar proxectos promovidos polos particulares e as súas agrupacións e asociacións con fins de aforro enerxético e fomento do uso das enerxías renovables. Os proxectos limitaranse a instalacións para a xeración de enerxía térmica mediante equipamentos que utilicen biomasa como combustible.

Conceptos subvencionables . Serán subvencionables:

- a) O equipamento principal de xeración enerxética.
- b) O custo do equipamento térmico e os seus accesorios principais (sistema de regulación e control, sistemas de limpeza, depuración de fumes, extracción de cinzas).
- c) Resto de accesorios da instalación para o correcto funcionamento do sistema.
- d) O custo do sistema de almacenamento do combustible.
- e) O custo do sistema de alimentación do combustible.
- f) O custo de montaxe e conexión.

Contía da axuda

A contía da axuda **será do 50 % do investimento elixible da instalación. A contía máxima por proxecto será de 60.000 €.**

Persoas beneficiarias

Persoas físicas **titulares de calquera dereito sobre un inmovible de dereito residencial ou as comunidades e mancomunidades de veciños**, sempre que as actuacións subvencionables descritas no artigo 4 se realicen en vivendas ou edificios do sector residencial sitas na Comunidade Autónoma de Galicia.

Solicitudes prazo e forma:

As solicitudes deberá facerse **a través de entidade colaboradora**. Na páxina web do Inega (www.inega.gal) estará dispoñible unha listaxe de entidades colaboradoras adheridas á convocatoria de axudas.

O prazo para solicitar: 01/03/2022 - 01/07/2022

INFORMACION: Instituto Enerxético de Galicia (INEGA)

Teléfono: 981 54 15 00. Email: inega.info@xunta.gal www.inega.gal